



MEMORIA XUSTIFICATIVA E ECONÓMICA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E O LABORATORIO INTERPROFESIONAL GALEGO DE ANÁLISE DO LEITE (LIGAL) PARA A MONITORIZACIÓN DE RISCOS EMERXENTES CON IMPACTO SOBRE O LEITE CRU DE VACA PRODUCIDO EN GALICIA

Esta Consellería do Medio Rural é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de desenvolvemento das accións necesarias para a ordenación, fomento e control da produción gandeira, na execución das medidas de apoio ao sector lácteo e gandeiro de Galicia, así como nas actuacións necesarias para garantir a seguridade alimentaria das producións primarias gandeiras e o control oficial da hixiene da produción primaria nas explotacións gandeiras, incluíndo a alimentación dos animais de granxa, de determinadas substancias e os seus residuos, así como a presenza de substancias contaminantes ou indesexables, tal como se recolle no Decreto 223/2022, do 22 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural.

No mencionado ámbito material, constitúe un dos obxectivos monitorizar os riscos emerxentes con impacto na produción de leite cru en Galicia e, en concreto, a presenza de aflatoxinas M1 e o cribado de substancias medicamentosas no leite cru producido nas ganderías de vacún de Galicia.

Antecedentes

O Laboratorio Interprofesional Galego de Análise do Leite (LIGAL) é unha asociación sen ánimo de lucro, declarada de utilidade pública, na que están representados paritariamente as industrias lácteas por medio da súa Federación Nacional e os produtores a través das Organizacións Agrarias e da Asociación de Cooperativas. A Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias ten designado ao LIGAL como laboratorio para levar a cabo as análises oficiais de leite cru producido nas ganderías de Galicia.

Os autocontrois que o sector, produtores e industrias, esta a realizar no LIGAL van dirixidos primordialmente á detección da presenza de inhibidores do crecemento bacteriano. En menor medida realízanse análises específicas para determinar a presenza doutras substancias indesexables. Nos controis oficiais verifícase igualmente a inexistencia destes residuos de inhibidores e se controla a presenza de determinadas substancias e os seus metabolitos e residuos en animais vivos e os seus produtos, no marco do Plan Nacional de Investigación de Resíduos (PNIR).





Tanto nos autocontrois como nos controis oficiais detéctase en ocasións a presenza de substancias indesexables no leite que poden provir de contaminacións medioambientais, de alteracións das materias utilizadas na alimentación animal, de tratamentos veterinarios administrados aos animais, de tratamentos fitosanitarios na agricultura ou do control de pragas no almacenamento das materias vexetais.

O sector lácteo, produtores e industria representados no LIGAL, e a Consellería do Medio Rural, atópanse firmemente comprometidos coa seguridade alimentaria en primeiro lugar, e coa viabilidade económica do sector leiteiro en segundo lugar, de forma que estiman necesario traballar conxuntamente para seguir reforzando a seguridade alimentaria e a calidade do leite cru producido e comercializado en Galicia, razón que fai preciso monitorizar os riscos emerxentes con posible impacto na produción de leite cru en Galicia.

Entre os principais riscos coñecidos na actualidade atópanse as aflatoxinas, que son substancias preferentemente producidas polo fungo *Aspergillus flavus*. Entre os metabolitos deste fungo, merece prestar atención á comunmente coñecida como aflatoxina B1, xa que na súa metabolización parcial no fígado da vaca transfórmase en aflatoxina M1, substancia que é excretada no leite.

O anterior sen prexuízo doutras substancias como fitosanitarios, desinfectantes, antiinflamatorios ou calquera outra con risco de contaminar aos animais ou ás súas producións, polo que é desexable manter un cribado sistemático de residuos de substancias que alerte do seu uso na produción gandeira.

A monitorización da presenza de aflatoxinas no leite producido en Galicia implica que unha persoa tomadora de mostras se desprace a todas e cada unha das granxas monitorizadas, en días e horarios nos que se atope leite almacenado nos tanques de refrixeración das respectivas granxas, tome as correspondentes mostras, as refrixere e as manteña a refrixeradas e as entregue no laboratorio no mesmo día para que como máximo en 24 horas podan ser analizadas. Isto significaría implementar unha loxística de persoal, vehículos y refrixeradores inasumible.

Dáse a circunstancia que o LIGAL, por mor das disposicións do Real Decreto 989/2022, de 29 de novembro, polo que se establecen normas básicas para o rexistro dos axentes do sector lácteo, movementos do leite e o control no ámbito da produción primaria e ata a primeira descarga, ten establecido un sistema de recollida diaria de mostras refrixeradas, por axentes formados e recoñecidos, de leite de tódalas granxas de Galicia. Son mostras de autocontrol que se coñecen como mostras de pago por calidade. Ao utilizar estas mostras o único custe a maiores e o custe do análise no laboratorio.

O desenvolvemento dos programas de control oficial no marco do Plan Nacional de Control da Cadea Alimentaria (PNCOCA) implica un coñecemento preciso por parte da autoridade en materia de gandería dos elementos de risco aos que se atopan expostos o rabaños leiteiros, incluída a rastrexabilidade das súas materias primas para alimentación animal.





Sendo Galicia a primeira produtora nacional de leite de vaca, esta produción ten un profundo impacto na economía de moitas bisbarrias do interior, e máis aló da súa significación económica directa, é un motor de emprego e de mantemento da poboación rural alén de xestor e vertebrador do territorio. Todo elo fai que, nun esforzo de mellora continuada para acadar os máis altos estándares de calidade e seguridade alimentaria do leite na nosa Comunidade, estean xustificadas accións de reforzo e prevención fronte a riscos emerxentes, independentemente do alto grao de control actual destes, o cal redundará non só en beneficio do sector leiteiro galego, senón tamén no conxunto da sociedade.

O LIGAL ten entre os seus fins básicos estatutarios os de carácter asistencial, educativo, científico, sanitario e de cooperación ou fomento da economía primaria e de investigación nos ámbitos de control da composición química e bacteriolóxica do leite, de estudo e investigación científica e técnica relativa ao leite e produtos lácteos, ben directamente, ou a través de convenios con entidades públicas ou privadas así como en calquera outra actuación para o control da calidade do leite, a súa produción, tratamento, transformación e comercialización no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, así como dos demais produtos lácteos, encamiñadas a optimizar a súa produción e comercialización no máximo nivel sanitario.

Finalidade

O obxecto deste convenio é regular as condicións de cooperación entre a Consellería do Medio Rural e o Laboratorio Interprofesional de Análise do leite de Galicia (LIGAL), para monitorizar os riscos emerxentes con impacto na produción de leite cru en Galicia. O presente convenio centrarase no risco emerxente da presenza de aflatoxinas M1 e no cribado de substancias medicamentosas no leite cru producido nas ganderías de vacún de Galicia.

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar co LIGAL o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura, ata o 31 de decembro de 2028.

O instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

Tal como se recolle no Decreto 223/2022, do 22 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural esta Consellería é competente no desenvolvemento das accións necesarias para a ordenación, fomento e mellora da produción agrogandeira, na execución das medidas de apoio ao sector lácteo e gandeiro de Galicia, así como nas actuacións necesarias para garantir a seguridade alimentaria das producións primarias gandeiras, especialmente no contexto da posible existencia de substancias contaminantes ou indesexables nos produtos de orixe animal que podan afectar á saúde pública.





En ocasión tanto nos autocontrois como nos controis oficiais detéctase a presenza de substancias indesexables no leite como é o caso da Aflatoxina M1; a realidade e que os autocontrois que o sector, produtores e industrias, esta a realizar no LIGAL van dirixidos primordialmente á detección da presenza de inhibidores do crecemento bacteriano tal e como se establece no Real Decreto 989/2022, do 29 de novembro, polo que se establecen normas básicas para o rexistro dos axentes do sector lácteo, movementos do leite e o control no ámbito da produción primaria e ata a primeira descarga, e en menor medida realízanse análises específicas para determinar presenza doutras substancias indesexables, pero entre estas non se atopan normalmente as aflatoxinas.

O sector lácteo, produtores e industria representados no LIGAL, e a Consellería do Medio Rural atópanse firmemente comprometidos coa seguridade alimentaria en primeiro lugar, e coa viabilidade económica do sector leiteiro en segundo lugar, de forma que estiman necesario traballar conxuntamente para seguir reforzando a seguridade alimentaria e a calidade do leite cru producido e comercializado en Galicia, razón que fai preciso monitorizar de xeito rutineiro a presenza da Aflatoxina M1 no leite cru producido nas granxas de Galicia. É conveniente, ademais, monitorizar a posible presenza no leite doutras substancias indesexables.

O LIGAL é un laboratorio designado pola autoridade competente, a Consellería do Medio Rural, para a determinación de residuos de inhibidores e outros residuos nos controis oficiais do leite cru desenvolvidos en Galicia dentro do Plan Nacional de Control De Control da Cadea Alimentaria (PNCOCA), polo que ten asegurada a súa capacidade de traballar con técnicas acreditadas.

Con estas premisas, a Xunta de Galicia pretende colaborar co LIGAL na xestión da realización das analíticas necesarias das mostras de leite recollidas nos programas de pago por calidade, entre outras funcións descritas no presente convenio, asumindo os custos das analíticas que monitorizarán de forma continua os riscos descritos.

O convenio resulta de gran interese para esta administración, porque habilita medios dos que carece a consellería e permite obter grandes beneficios para ambas partes convenientes e para o sector lácteo galego en xeral, a un custo axeitado, xa que aproveita toda a loxística de recollida e transporte de mostras xa establecido polo LIGAL.

En base ao exposto, a Consellería do Medio Rural pretende asinar un convenio de colaboración co Laboratorio Interprofesional Galego de Análise do Leite (LIGAL) para o período 2026-2028 co obxectivo de colaborar na monitorización dos riscos emerxentes con impacto na produción de leite cru en Galicia.

Como tal convenio, este estaría suxeito aos principios recollidos na lei de contratos, entre eles ao de concorrência. Non obstante, o obxecto deste fai imposible a efectividade deste principio neste caso. Non é posible promover a concorrência pública por canto a propia figura de "laboratorio interprofesional" fai que sexa o





único laboratorio ao que poden chegar regularmente mostras de leite de todas as granxas de Galicia e, por outra banda non existe outra institución coa loxística de toma de mostras e transporte que chegue a todas as granxas de Galicia.

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, de acordo co previsto no artigo 4 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

Para a tramitación deste convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Financiamento

A Consellería do Medio Rural colaborará activamente co LIGAL na monitorización da presenza da Aflatoxina M1 e outros riscos emerxentes (antimicrobianos, antiinflamatorios non esteroideos, antiparasitarios, promotores do crecemento) no leite cru das granxas de Galicia, asumindo os custos das analíticas.

O prezo das analíticas a analizar estableceuse partindo das tarifas 2026 do LIGAL en euros correntes para o período 2026-2028.

O importe total do convenio ascende a cento sesenta e tres mil setecentos setenta e nove euros con trinta céntimos (163.779,30 €) para o período 2026-2028, dispoñibles na aplicación 15.04.713E.640.1 proxecto 00977 2010. Trátase dun expediente que polo importe e carácter plurianual require autorización previa do Consello de Xunta, de acordo coa Disposición adicional segunda da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

O importe económico do convenio distribuirase coa seguinte dotación máxima para cada anualidade:

- 2026: 54.593,10 €
- 2027: 54.593,10 €
- 2028: 54.593,10 €

Esta cifra só cobre os custos de realización da actividade para cada unha das anualidades.

En ningún caso se admitirán gastos anteriores á sinatura do convenio.





CADRO DE CUSTOS ANUAIS ESTIMADOS

CONCEPTO	TIPO DE ANALISE	Número mostras	EUR/ mostra	EUR/ mostra (con IVE)	EUR
ANALISE	Test ROSA Charm	1.800	15,85	19,18	34.524,00
	High performance liquid chromatography-HPLC	90	125,86	152,29	13.706,10
	Sistema Infiniplex Randox	90	58,43	70,70	6.363,00
	TOTAL CUSTES ANÁLISES (con IVE)				54.593,10

Por todo o exposto, solicítase a tramitación do Convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e o Laboratorio Interprofesional Galego de Análise do Leite para monitorizar os riscos emerxentes con impacto na produción de leite cru en Galicia para o período 2026-2028.

Santiago de Compostela, á data da sinatura

O director xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias.

Asinado dixitalmente no lateral

